



Informe de tesourería e intervención

Asunto: Informe do segundo trimestre de 2019 relativo ao cumprimento de prazos da lei 15/2010

Os funcionarios que subscriben emiten o seguinte informe en cumprimento do disposto no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, determinou a obrigatoriedade das Corporacións Locais de elaborar e remitir, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais, un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago das obrigas de cada entidade.

A Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, determina no artigo 5 o procedemento a seguir para subministrar información e no artigo 16 regula as obrigas trimestrais de subministro de información.

Normativa de aplicación

- Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. (LCSP)
- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.
- Real Decreto-lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego,
- Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público,
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local,



EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 E-mail: concello@viveiro.es

- Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
- Orde ministerial HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Informe

Para a súa elaboración seguiu-se a guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade que as entidades locais han de remitir ao MF, que está a disposición dos usuarios na web do MF, na oficina virtual das entidades locais, e que se publicou a principios do 2015.

O ámbito de aplicación son as operacións comerciais para a execución dos contratos de obras, concesión de obras públicas, xestión de servizos públicos, subministración e servizos.

Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que non están baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria.

O destinatario ten que ser unha empresa, quedando, polo tanto, excluídas as que se producen entre distintas entidades do sector público.

Por tanto correspóndense, con carácter xeral, con gastos correntes en bens e servizos e con investimentos.

Polo que respecta aos prazos de pago, a Administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón de outros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pago do prezo sen incorrer en mora (artigo 4 da Lei 3/2004, artigo 216.4 do Real decreto lexislativo 3/2011 e a disposición adicional quinta da Lei orgánica 2/2012, e artigo 198.4 da LCSP).

O inicio do cómputo do período medio de pago, tanto das operacións pagadas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, con carácter xeral, desde a recepción da factura.

Por outra banda, o artigo 10 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, establece que se elaborará un informe trimestral coa relación das facturas con respecto ás cales transcorreran máis de tres meses desde que foron anotadas e non se fixo o recoñecemento de obriga polos órganos competentes, a cal se une como anexo o presente informe.

Por todo o anterior e a partir dos datos obtidos do programa de contabilidade pública infórmase dos resultados de morosidade que se corresponden cos documentos xustificativos do primeiro trimestre de 2019.



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 E-mail: concello@viveiro.es

| Pagos realizados no trimestre | Periodo medio pago (PMP) (días) | Pagos realizados no Trimestre | | | |
|---|---------------------------------|-------------------------------|---------------------|-------------------------|-------------------|
| | | Dentro periodo legal pago | | Fora periodo legal pago | |
| | | Número de pagos | Importe total | Número de pagos | Importe total |
| Gastos en bens corrientes e servizos | 40,72 | 1.126 | 980.227,93 | 166 | 310.689,02 |
| 20-Arrendamientos y cánones | 27,48 | 29 | 26.248,16 | 3 | 995,84 |
| 21-Reparación, mantenimiento y conserv. | 48,92 | 93 | 92.998,58 | 31 | 86.783,61 |
| 22-Material, suministro y otros | 39,69 | 1.004 | 860.981,19 | 132 | 222.909,57 |
| 23-Indemnizaciones por razón del serv. | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| 24.- Gastos de Publicaciones | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| 26.- Trabajos realizados por Instit s.f.lucro | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Inversiones reales | 29,86 | 25 | 267.197,02 | 2 | 4.401,00 |
| Outros pagos realizados por operaciones comerciales | 41,41 | 5 | 5.321,93 | 2 | 767,33 |
| Pagos realizados ptes. de aplicar ao orza. | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| TOTAL | 38,84 | 1156 | 1.252.746,88 | 170 | 315.857,35 |

| Intereses de demora pagados en el trimestre | Intereses de demora pagados en el periodo | |
|--|---|-------------------------|
| | Número de pagos | Importe total intereses |
| Gastos corrientes en bienes y servicios | 0 | 0 |
| Inversiones reales | 0 | 0 |
| Otros pagos realizados por operaciones comerciales | 0 | 0 |
| Sin desagregar | 0 | 0 |
| TOTAL | 0 | 0 |

| Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre | Periodo medio pendiente de pago (PMPP) (días) | Pendientes de pago al final del trimestre | | | |
|--|---|--|-------------------|---|------------------|
| | | Dentro periodo legal pago a final de trimestre | | Fuera periodo legal pago a final de trimestre | |
| | | Número de operaciones | Importe total | Número de operaciones | Importe total |
| Gastos en bienes corrientes y servicios | 33,74 | 349 | 410.729,32 | 3 | 15.710,34 |
| 20-Arrendamientos y cánones | 12,28 | 5 | 4.895,52 | 0 | 0 |
| 21-Reparación, mantenimiento y conservación | 19,03 | 36 | 27.735,77 | 3 | 0 |
| 22-Material, suministro y otros | 35,05 | 308 | 378.098,03 | 0 | 15.710,34 |
| Inversiones reales | 19,65 | 3 | 19.957,24 | 0 | 0,00 |
| Outros pagos realizados por operaciones comerciales | 32,40 | 2 | 4.237,20 | 0 | 0 |
| Operacións pendentes de aplicar ao Orzamento | 25,03 | 20 | 16.364,71 | 0 | 0 |
| TOTAL | 32,82 | 374 | 451.288,47 | 3 | 15.710,34 |



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 [E-mail: concello@viveiro.es](mailto:concello@viveiro.es)

Por todo o exposto **proponse**:

Que do presente informe se dé traslado aos órganos competentes do MF (á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas CCAA e coas EELL) e á Xunta de Galicia, aos efectos oportunos.

Viveiro, asinado dixitalmente na data que figura á marxe

A Interventora

O tesoureiro acctal.

Rosa Abelleira Fernández

José Vivero Russo

Ejercicio: 2019

Trimestre: Segundo

Facturas o documentos justificativos que al final del trimestre, hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el registro de facturas y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación

| Facturas o documentos justificativos que al final del trimestre, hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el registro de facturas y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación | Periodo medio operaciones pendientes reconocimiento (PMOPR) | Pendiente de reconocimiento obligación | |
|---|---|--|------------------|
| | | Número | Importe total |
| Gastos Corrientes en Bienes y Servicios | 120,46 | 2 | 14.948,04 |
| Inversiones reales | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Sin desagregar | 0,00 | 0 | 0,00 |
| TOTAL | 120,46 | 2 | 14.948,04 |